

N O V A



GALICIA

E-mail: [novagalicia@novagalicia.com](mailto:novagalicia@novagalicia.com)

Avda. Ricardo Mella, 143-Nave 3

36330 VIGO

TELF :986/462111

FAX. :986/462118

## **CEA DA EDICIÓN** **OURENSE, 19 DE DECEMBRO DE 2009**

Señor Conselleiro de Cultura, Señor Conselleiro de Educación, Señor Presidente da Deputación, Señor Alcalde de Ourense, autoridades, señoras e señores, amigas e amigos, boas noites a todos. Moitas grazas, Manolo, polas túas palabras.

Moitas grazas a todos por esta homenaxe que desde a Asociación Galega de Editores se lle fai a Nova Galicia cando se cumpren 25 anos desde o comezo do seu labor editorial. E non podería iniciar as miñas palabras doutro xeito que agradecendo a todo o personal de Nova Galicia, a todas as persoas que ao longo deste cuarto de século teñen formado parte da familia de Nova Galicia, sen o seu traballo diario, sen a súa dedicación e o seu bo facer, este momento non sería posible.

Desde o ano 84 vimos traballando na posta en valor e na difusión da arte e a cultura de Galicia tanto dentro como fóra das nosas fronteiras. Son moitas as obras editadas, comezando polos facsímiles dos primeiros anos e rematando coa máis recentemente presentada, o Catálogo Universal de Laxeiro, pero, sen dúbida, o proxecto que máis nos define, o que nos identifica, o noso buque insignia é a colección “Artistas Galegos”, que hoxe en día é unha realidade, como amosan os 30 volumes editados ata este momento, que recollen os nosos máis grandes artistas pintores, arquitectos e escultores de todos os tempos. Reflexo, tamén, do bo traballo editorial realizado nestes anos é o Premio ao Libro Mellor Editado na categoría da arte que nos foi concedido polo Ministerio de Cultura, pola obra “Quessada. Arte e Liberdade”. Recibimos ademais o Trofeo Galeguidade ao Medio de

Comunicación Social, en Madrid, que valorou para a concesión deste galardón a destacada produción editorial de Nova Galicia Edicións e especialmente a nosa colección “Artistas Galegos”. Todos os premios, así como esta homenaxe que hoxe nos facedes as compañeiras e os compañeiros editores, supoñen para nós un recoñecemento ao noso labor editorial, que vén a recompensar os nosos esforzos diarios na aposta pola arte e a cultura do noso país.

No ano 2002 decidimos abrir unha nova liña editorial, decatámonos de que había un baleiro no que se refería a libros educativos, libros que tratasen dos problemas que ten o mundo actual e que afectan aos máis novos, pero tamén á sociedade em xeral e que están presentes no noso entorno máis próximo pero tamén nos recantos máis afastados do noso país; problemas universais que nos levaron a comezar unha liña infantil/xuvenil que se reflicte en dúas coleccións “Saber para vivir” e “Que me dis de...”, que xa son referente na maioría dos centros educativos e as bibliotecas de Galicia e España. Dúas coleccións que Nova Galicia editou en tres idiomas: galego, castelán e inglés pero que nestes intres está traducida xa a portugués, brasileiro, holandés e con previsión de próximas edicións para Indonesia, Lituania e Finlandia, entre outros países.

E nestes 25 anos tantas outras obras editadas...”Arte e cultura de Galicia e Norte de Portugal”, a colección Art Book; a colección de “Contos de mamá”, libros ilustrados que pretenden transmitir aos máis pequenos os valores humanos a través de breves e fermosas historias; catálogos de exposicións; monografías de artistas... Editando sempre en Galicia e en galego, como lingua orixinal a partires da cal saen á luz as edicións en castelán e inglés; porque outro dos puntos que caracterizan a Nova Galicia é a internacionalización, como xa mencionei con anterioridade, o que fixo que fomos a primeira empresa do sector editorial galego en participar no programa PIPE do Instituto de Comercio Exterior. Case desde o comezo da nosa actividade editorial, vimos participando anualmente nas máis importantes feiras do libro de todo o mundo, o que ten como resultado que as nosas obras se estean exportando nestes intres a 52 países. Este labor

desenvolvido em tantos países diferentes serve para conquistar o noso obxectivo de promover a cultura galega por todo o mundo, e ademais serve para dar a coñecer o bo traballo realizado polas distintas empresas do sector de artes gráficas de Galicia, tanto fotomecánicas como imprentas ou encadernadoras.

E neste ano que celebramos o noso cuarto de século, non me quero esquecer tampouco de todos os que ao longo dos anos teñen colaborado con Nova Galicia, tanto autores, como ilustradores, fotógrafos, directores de proxectos... todos e cada un deles teñen contribuído a engrandecer a nosa empresa, a darlle ás nosas obras un grado de excelencia que fai que o resultado final sexan unhas publicacións recoñecidas a nivel mundial pola súa alta calidade.

No meu nome e no de todo o persoal que hoxe conforma Nova Galicia, moitas grazas novamente por recoñecer o noso traballo; podedes estar seguros que isto nos dá un novo impulso para continuar traballando en prol da nosa cultura. E do mesmo xeito que estamos a celebrar agora as nosas “vodas de prata” coa edición, esperamos chegar a celebrar con vós as “vodas de ouro”, co orgullo do traballo ben feito e a satisfacción de ter levado polo mundo adiante anacos da lingua, a arte e a cultura de Galicia.

Moitas grazas e boas noites a todas e a todos.